

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I CATEDRAL DE SANTIAGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL “O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS”.

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións básicas de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia Turismo de Galicia, a e a S.A.M.I. Catedral de Santiago para o axeitado desenvolvemento das actividades da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións coa finalidade de fomentar a investigación, docencia e difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.



Segundo.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.

Segundo o Protocolo de Creación de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 11 de outubro de 2007, as Cátedras Institucionais da USC son ámbitos especiais para a reflexión, o debate, o estudo e a investigación en todos os ámbitos académicos, que xorden da necesidade de potenciar ao máximo a relación entre a comunidade universitaria e o seu entorno, na busca de se converter nun importante foco de proxección da imaxe exterior da nosa Universidade.

Terceiro.- Que a S.A.M.I Catedral de Santiago, meta da peregrinación xacobeá, garda a memoria e conserva as pegadas que os peregrinos foron deixando ao longo da Historia. Legado que adquire a múltiple forma e variedade da produción artística, documental e espiritual evocativa significativa que se fai patente na magnificencia dos bens culturais materiais e inmateriais que a configuran. Ademais, e desde as súas orixes, a Catedral procurou a promoción da cultura, o saber e a súa transmisión xunto coa asistencia, acollida e coidado dos peregrinos en todas as súas diversas circunstancias. Igualmente na actualidade segue sendo obxecto de estudo e investigación e suxeito activo e promotor das devanditas actividades a través de publicacións, congresos e outros medios

Cuarto.- O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago.

Quinto.- Que por medio do convenio asinado o 19 de agosto de 2016 creouse a Cátedra Institucional do Camiño de Santiago e as Peregrinacións. O citado convenio estendía a súa vixencia durante os anos 2016 e 2017.

O 21 de maio de 2018, asinouse un novo convenio para o desenvolvemento da citada cátedra, vixente ata o 31 de decembro de 2018.



Que a través deste convenio, outórgase á Universidade de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

